

**Acta núm. 13/2024.
Sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local
do 16 de xullo de 2024.**

ASISTENTES:
Pablo Lago Sanmartín.
María Rosa Romero Fariña.
Sandy Marie Cebral Gómez.
Carlos Noya Pereira.
José Antonio Vidal González.

Na alcaldía da Casa do Concello de Brión, ás 14.00 horas do 16 de xullo de 2024, reuníronse en primeira convocatoria os/as señores/as concelleiros/as membros da Xunta de Goberno Local deste Concello que se relacionan, para celebraren sesión ordinaria.

Preside o señor alcalde Pablo Lago Sanmartín e asiste como secretario Javier Nieves González, secretario do Concello.

Ábrese a sesión cos seguintes asuntos:

- 1º) APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR NÚM. 12/2024, DO 25/06/2024.
- 2º) COMUNICACIÓNS PREVIAS (OBRA MENOR).
- 3º) LICENZAS DE OBRA MENOR.
- 4º) COMUNICACIÓN PREVIA PRIMEIRA OCUPACIÓN.
- 5º) LICENZAS DE OBRA MAIOR.
- 6º) DECLARACIÓN DE INEFICACIA COMUNICACIÓN PREVIA OBRA MENOR.
- 7º) ROGOS E PREGUNTAS.

PRIMEIRO.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR NÚM. 12/2024, DO 25/06/2024.

Acórdase por unanimidade a aprobación da acta da xunta anterior do día 25.06.2024, acta núm. 12/2024.

SEGUNDO.- COMUNICACIÓNS PREVIAS (OBRA MENOR).

a) Deuse conta dunha comunicación previa asinada JOSÉ ÁNGEL FERREIRO ABETE, na que comunica que vai realizar obras na cuberta dun galpón anexo á vivenda sita na Rúa Moutello nº 13 – Brión, consistentes en substituír a cobertura actual de fibrocemento por outra das mesmas características, rematada con tella cerámica curva por enriba.
A edificación (referencia catastral 6259917NH2466S0001IO) onde se pretenden executar as obras atópase dentro dun ámbito clasificado como solo urbano, séndolle de aplicación a ordenanza nº 2 do PXOM (UC2).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

- 1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coa seguinte condición:
 - Os prazos para o inicio e final das obras amparadas nunha comunicación previa, non poderán exceder de tres meses e un ano respectivamente, segundo o establecido no artigo

363.1 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 20,00 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 84,57 euros.

b) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por MARÍA DEL CARMEN QUINTELA ARCA, na que comunica que vai substituír a cobertura de tella cerámica existente por outra nova das mesmas características na vivenda sita en Adoufe nº 8 – Os Ánxeles.

A edificación (referencia catastral 6855406NH2465S0001OG) na que se pretenden executar as obras, emprazase dentro dun ámbito de solo clasificado polo PXOM como solo de núcleo rural para as áreas consolidadas pola edificación da zona leste (NRL-1), e atópase na aldea de Adoufe que está integrada no catálogo de bens de interese cultural do PXOM, identificada coa clave: AE-1, e en base ao artigo 44, apartado 2 da Lei 1/2019, de 22 de abril, de rehabilitación e de rexeneración e renovación urbanas de Galicia, non precisa de autorización previa en materia de patrimonio cultural, segundo informe do arquitecto municipal.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coa seguinte condición:

- Os prazos para o inicio e final das obras amparadas nunha comunicación previa, non poderán exceder de tres meses e un ano respectivamente, segundo o establecido no artigo 363.1 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 56,00 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 120,57 euros.

c) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por MARCELINO RODRÍGUEZ VILAS, na que comunica que vai executar un peche polo linde noroeste da parcela sita no lugar de Saime nº 21 – Bastavales. O peche rematará nun dos laterais, noutro xa existente que está en contacto cun vial público, terá unha lonxitude de 20 ml. e farase con sillar de pedra ata unha altura de 90 cm., e postes de pedra intercalados ata unha altura de 1.80 m.

A parcela (referencia catastral 5331603NH2453S0001LM) na que se pretenden executar as obras atópase sobre un ámbito clasificado como solo de núcleo rural, dentro da área non consolidada pola edificación da zona leste, séndolle de aplicación a ordenanza nº 8 (NRL-2).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

- Os prazos para o inicio e final das obras amparadas nunha comunicación previa, non poderán exceder de tres meses e un ano respectivamente, segundo o establecido no artigo 363.1 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 24,90 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 89,47 euros.

d) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por JOSÉ BARCA SEÑORÍS, na que comunica que vai facer un peche frontal que afecta a dúas parcelas sitas no lugar de Canceiros nº 5 – Os Ánxeles. O peche en contacto con un vial público, terá unha lonxitude de 20 ml., e farase con fábrica de bloque de formigón (tipo "split") e columnas de formigón intercalados.

As parcelas (referencias catastrais 15013B505008400000MF e 15013B505008410000MM) na que se pretenden executar as obras, emprázanse sobre un ámbito de solo clasificado polo PXOM como solo apto para urbanizar, séndolle de aplicación o réxime establecido pola vixente Lei 2/2016, do solo de Galicia, para o solo rústico ordinario, en aplicación do disposto ó respecto pola disposición transitoria primeira letra 2.b).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

- O peche deberá de afastarse como mínimo a 4 metros do eixo do vial e non poderá superar a altura de 1,50 metros sobre a rasante natural do terreo, columnas incluídas.
- Os prazos para o inicio e final das obras amparadas nunha comunicación previa, non poderán exceder de tres meses e un ano respectivamente, segundo o establecido no artigo 363.1 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 97,46 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 162,03 euros.

e) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por Rosa María Facal Varela, que di actuar en representación de RODRIGO LAGO MANTEIGA, na que comunica que vai facer un peche na fronte da parcela sita na Rúa Moutello nº 15 – Brión, mantendo a aliñación oficial. O peche terá unha lonxitude de 10,80 ml., e farase en fábrica de bloque revestida na base do mesmo, con postes e malla electrosoldada, ata una altura total de 1,40 m. Tamén se van instalar un portal metálico e unha porta para dar acceso á parcela, quedando ámbalas dúas lacadas en cor marrón.

A parcela (referencia catastral 6259916NH2466S0001XO) na que se pretenden executar as obras aséntase sobre un ámbito de solo clasificado polo PXOM como solo urbano, séndolle de aplicación a ordenanza nº 2 (UC2), e está afectada pola proximidade dun ben de interese cultural integrado no catálogo do PXOM (Antigo cine da Mahía : B-13).

A Xunta de Goberno Local, á vista da autorización da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural de data 21/06/2024 (expte. 864/24) e do informe do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coa seguinte condición:

- Os prazos para o inicio e final das obras amparadas nunha comunicación previa, non poderán exceder de tres meses e un ano respectivamente, segundo o establecido no artigo 363.1 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 120,00 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 184,57 euros.

f) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por LIDIA GONZÁLEZ MAREQUE, na que comunica que vai desmontar parte dun muro de mampostería, con fronte a un vial municipal, deixando así un acceso de 6 m. de ancho a unha parcela sita no lugar de Liñares, Brión.

A parcela (referencia catastral 5852816NH2455S0001FA) na que se pretenden executar as obras atópase sobre un ámbito de solo clasificado polo PXOM como solo de núcleo rural, séndolle de aplicación as normas para as áreas non consolidadas pola edificación.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coa seguinte condición:

- Os prazos para o inicio e final das obras amparadas nunha comunicación previa, non poderán exceder de tres meses e un ano respectivamente, segundo o establecido no artigo 363.1 do Decreto 1 43/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

2) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 19,60 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 84,17 euros.

g) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por MARÍA TERESA PATIÑO RICO, na que comunica que vai pintar de cor branca as fachadas da vivenda sita en Soutullos nº 23- San Salvador.

A edificación (referencia catastral 7526503NH2472N0001GY) na que se pretenden executar as obras atópase sobre un ámbito solo clasificado como urbano, séndolle de aplicación a ordenanza nº 2 do PXOM (UC2).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coa seguinte condición:

- Os prazos para o inicio e final das obras amparadas nunha comunicación previa, non poderán exceder de tres meses e un ano respectivamente, segundo o establecido no artigo 363.1 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente

- Imposto sobre construcións, instalacións e obras ICIO): 46,40 euros.

Total 46,40 euros.

h) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por SALVADOR GARCÍA PIÑEIRO, na que comunica que vai executar obras de impermeabilización da terraza existente na planta baixa da vivenda sita na Urbanización Agro Novo nº 104 – Os Ánxeles. As obras consistirán en retirar o actual pavimento para impermeabilizar o soporte, e posteriormente volver a pavimentar con un material similar ao existente.

A edificación (referencia catastral 6446903NH2464N00112SZ) na que se van executar as obras, emprázase sobre un ámbito de solo clasificado como urbano, séndolle de aplicación a ordenanza nº 3 do PXOM (UC3).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coa seguinte condición:

- Os prazos para o inicio e final das obras amparadas nunha comunicación previa, non poderán exceder de tres meses e un ano respectivamente, segundo o establecido no artigo

363.1 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 167,20 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 231,77 euros.

i) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por MARÍA TERESA NIETO FREIRE, na que comunica que vai facer obras de mellora na vivenda sita no lugar de Fonte Paredes nº 2 – Ons, consistentes en:

- Cambiar a cobertura de tella existente por outra nova das mesmas características (cerámica curva) e substituír canalóns e baixantes.
- Retirar un depósito instalado na cuberta, reparar a cheminea e pintar as fachadas da vivenda da mesma cor ou similar a existente (cor branca).

A parcela (referencia catastral 1586602NH24180001RG) na que se pretenden executar as obras atópase sobre un ámbito de solo clasificado polo PXOM como solo de núcleo rural non consolidado pola edificación da zona oeste, séndolle de aplicación a ordenanza nº 9 (NRO-2).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coa seguinte condición:

- Os prazos para o inicio e final das obras amparadas nunha comunicación previa, non poderán exceder de tres meses e un ano respectivamente, segundo o establecido no artigo 363.1 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

2) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 318,10 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 382,67 euros.

j) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por MIGUEL ÁNGEL BARBEITO NOYA, na que comunica que vai limpar e impermeabilizar as fachadas con líquido hidrófugo e selar as ventás da vivenda sita na Urbanización Agro Novo nº 89 – Os Ánxeles.

A edificación (referencia catastral 6346704NH2464N0001DD) na que se pretenden executar as obras atópase sobre un ámbito de solo urbano, séndolle de aplicación a ordenanza nº 3 do PXOM (UC3).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coa seguinte condición:

- Os prazos para o inicio e final das obras amparadas nunha comunicación previa, non poderán exceder de tres meses e un ano respectivamente, segundo o establecido no artigo 363.1 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

2) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 19,36 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 83,93 euros.

k) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por MARÍA ELIDA FERREIRO RAMA, na que comunica que vai executar obras de impermeabilización superficial da terraza traseira situada na planta baixa da vivenda da Rúa San Ramón nº 2 – Os Ánxeles.

A edificación (referencia catastral7549106NH2474N0001LJ) na que se van executar as obras, emprázase sobre un ámbito de solo clasificado como urbano, séndolle de aplicación a ordenanza nº 2 do PXOM (UC2), e está afectada pola proximidade dun ben de interese cultural integrado no catálogo do PXOM: Igrexa da Nosa Señora de Guadalupe; identificada coa clave: AR2, e en base ao artigo 44, apartado 2 da Lei 1/2019, de 22 de abril, de rehabilitación e de rexeneración e renovación urbanas de Galicia, non precisa de autorización previa en materia de patrimonio cultural, segundo informe do arquitecto municipal.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coa seguinte condición:

- Os prazos para o inicio e final das obras amparadas nunha comunicación previa, non poderán exceder de tres meses e un ano respectivamente, segundo o establecido no artigo 363.1 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 26,00 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 90,57 euros.

l) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por José Manuel Ferradas López que di actuar en representación de REFORMAS VIÑAO, S.L., na que comunica que vai reparar a cuberta da vivenda de Bastavaliños 23 – Bastavales, substituíndo a cobertura actual de tella cerámica curva por outra das mesmas características.

A parcela (referencia catastral7523107NH2472N0001BY) onde se van realizar as obras atópase dentro dun ámbito de solo clasificado polo PXOM, como solo de núcleo rural, séndolle de aplicación as normas para as áreas non consolidadas pola edificación da zona leste (NRL-2).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coa seguinte condición:

- Os prazos para o inicio e final das obras amparadas nunha comunicación previa, non poderán exceder de tres meses e un ano respectivamente, segundo o establecido no artigo 363.1 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 71,20 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 135,77 euros.

m) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por XOSÉ CASTELOS PAREDES, na que comunica que vai cambiar as ventás da vivenda sita en Gándara nº 8 – San Salvador de Bastavales, por outras de PVC en cor marrón ou similar.

A edificación (referencia catastral 81348008NH2483S0001RS) emprázase sobre un ámbito de solo clasificado como solo de núcleo rural, séndolle de aplicación as normas para as áreas consolidadas pola edificación da zona leste, ordenanza aplicable: nº 8 do PXOM (NRL-1).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coa seguinte condición:

- Os prazos para o inicio e final das obras amparadas nunha comunicación previa, non poderán exceder de tres meses e un ano respectivamente, segundo o establecido no artigo 363.1 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 369,55 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 434,12 euros.

TERCEIRO.- LICENZAS DE OBRA MENOR.

a) Deuse conta dunha instancia presentada por ANA ISABEL VÁZQUEZ SANTOS, na que solicita licenza para realizar obras de infraestrutura soterrada de liña de baixa tensión para dar subministro eléctrico de 4,20 kw a unha actividade agrícola (pozo para rega da finca) no lugar de Guisande s/n - Os Ánxeles. Para a canalización do mencionado condutor realizarase unha gabiá de 174 metros de lonxitude sobre un vial municipal, segundo proxecto técnico asinado pola enxeñeiro técnico industrial Martín Otero Labandeira, que conta con visado colexial de data de 04.06.2024 (expte. 1074-24).

A parcela sobre a que se actúa (referencia catastral 15013B505005210000MM) está clasificada polo PXOM como solo rústico de protección agropecuaria, e en parte como solo rústico de protección de cauces.

A Xunta de Goberno Local, á vista da autorización de Augas de Galicia de data 05/06/2023 (clave DH.W15.93150) e do informe favorable emitido polo arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Conceder a licenza de obras solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

- Deberá repoñerse o pavimento dos viais nas mesmas condicións técnicas en que se atopa actualmente e non se poden causar danos á vía pública, debendo responder en calquera caso o promotor, dos danos que se poidan producir sobre os elementos ou servizos públicos existentes.
- Como garantía, imponse un aval bancario ou fianza en metálico por importe de 596,55 €, que o interesado deberá presentar no Concello con carácter previo á expedición da licenza urbanística.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 119,31 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 183,88 euros.

b) Deuse conta dunha instancia presentada por FRANCISCO JAVIER NIETO GARCÍA, na que comunica que vai facer unha canalización subterránea que cruza un vial municipal, con tubos de formigón de 40 cms. de diámetro, para canalizar augas pluviais dende unha arqueta existente na parcela de referencia catastral (5165701NH2456N0001IB), sobre a que se empraza a vivenda nº 2 do Rial (Brión), ata outra parcela próxima na outra marxe da pista, con referencia catastral: 5364201NH2456S0001DT.

O ámbito sobre o que se asentan as dúas parcelas está dentro da delimitación de solo de núcleo rural, séndolle de aplicación as normas para as áreas consolidadas pola edificación da zona leste (ordenanza nº 8/PXOM: NRL-1).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coa seguinte condición:

- Deberá repoñerse o pavimento dos viais nas mesmas condicións técnicas en que se atopa actualmente e non se poden causar danos á vía pública, debendo responder en calquera caso o promotor, dos danos que se poidan producir sobre os elementos ou servizos públicos existentes.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 6,00 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 70,57 euros.

CUARTO.- COMUNICACIÓN PREVIA PRIMEIRA OCUPACIÓN.

a) Deuse conta dunha instancia presentada por Rosa María Facal Varela, que di actuar en representación de RODRIGO LAGO MANTEIGA, na que comunica a primeira ocupación dunha vivenda unifamiliar na rúa Moutello 15 – Brión.

Con data 03/05/2022 a Xunta de Goberno Local concedeulle licenza a Rodrigo Lago Manteiga e Eva Quintela Fraga, para rehabilitar unha vivenda unifamiliar no lugar de Moutello nº 15 - Brión, segundo proxecto básico e de execución asinado pola arquitecta Rosa María Facal Varela, visado con data 29.04.2022 (expte:2106685), e documentación complementaria presentada o 02.05.2022.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable emitido pola arquitecta municipal e do certificado final de obra asinado pola arquitecta Rosa María Facal Varela con data 02.05.2024, visado polo Colexio oficial correspondente con data 15.05.2024, acorda por unanimidade:

1º) Tomar coñecemento e autorizar a primeira ocupación comunicada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

- Taxa pola comunicación previa de primeira ocupación: 64,57 euros.

Total: 64,57 euros.

QUINTO.- LICENZAS DE OBRA MAIOR.

a) Deuse conta dunha instancia presentada por José Mario López Freire, que di actuar en representación de ALBERTO MIGUENS IGLESIAS, solicitando licenza para a construción dunha edificación destinada a local comercial en planta baixa (categoría 2º) e garaxe – aparcamento en planta semisoto (categoría 1º) en Sabaxáns – Bastavales, segundo proxecto básico asinado polo arquitecto José Mario López Freire con data 30.01.2024.

A parcela onde se van executar as obras (referencia catastral 15013B503535970000MA) emprázase sobre un ámbito de solo clasificado como solo urbano, séndolle de aplicación a ordenanza nº 1 do PXOM (UC-1).

A Xunta de Goberno Local, á vista dos informes favorables emitidos pola arquitecta municipal e polo asesor xurídico urbanístico do Concello, por unanimidade, acorda:

1º) Conceder a licenza solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

- Deberá presentarse o preceptivo proxecto de execución visado polo COAG antes do inicio das obras, o cal limitárase a desenvolver o Proxecto básico de local comercial e garaxe, asinado polo arquitecto José Mario López Freire con data 30.01.2024 e presentado en data 30.01.2024. Acadará o contido mínimo indicado no anexo 1 da Parte 1 do CTE, para que logo de presentada esta documentación o concello autorice expresamente o inicio das obras.
- A obra axustarase estritamente ao antedito proxecto en base ao cal se lle outorga a licenza, redactado polo arquitecto José Mario López Freire.
- Como garantía da urbanización do espazo de cesión ao Concello dos terreos destinados a viais fora das aliñacións establecidas no planeamento (segundo a licenza de segregación outorgada pola Xunta de Goberno Local de data 20.11.2018), que implica a pavimentación do espazo de cesión en todo o fronte da parcela, a execución das conexións de abastecemento e saneamento, a recollida de pluviais con tubo de sección 40 cm. e a canalización do alumeado público, deberán aportar aos efectos aval por un importe de 900,00 €, que os interesados deberán presentar no Concello con carácter previo á expedición da licenza urbanística.
- Nas obras que se executasen sen licenza ou con inobservancia das súas condicións serán sancionadas por infracción urbanística as persoas físicas ou xurídicas responsables delas en calidade de promotor das obras, propietarios dos terreos ou empresario das obras, e os técnicos redactores do proxecto e directores das obras.
- Se o director da obra deixa de actuar nela debe poñelo en coñecemento do Concello no prazo de 3 días, mediante oficio debidamente visado polo colexio oficial. Os propietarios están obrigados a nomear seguidamente un novo facultativo, comunicándoo por escrito ao Concello mediante a oportuna folia de encargo, tamén visada. De non cumprirse este trámite, a alcaldía ordenará a inmediata suspensión das obras.
- Será requisito indispensable dispor a pé de obra de copia autorizada da licenza municipal e a colocación dun cartel indicador no que se faga constar o nome e os apelidos das persoas técnicas e directoras e do contratista, ordenanza que se aplica, usos aos que se vai destinar a construción, a data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, número de plantas autorizadas e o número de expediente.
- Os prazos de iniciación, interrupción máxima e finalización das obras, de acordo co establecido no artigo 145 da Lei 2/2016, do solo de Galicia: seis meses para iniciar, seis meses de interrupción e tres anos para rematar a obra, contados os de inicio e remate desde o día seguinte ao da notificación ao interesado do outorgamento da licenza. No caso de incumprimento dos prazos citados procederase á incoación do expediente para a declaración de caducidade da licenza. Os ditos prazos poderán prorrogarse a solicitude do titular da licenza sempre e cando a licenza sexa conforme coa ordenación urbanística vixente no momento da concesión da prórroga. Cada prórroga que se solicite non poderá ser po un prazo superior ao inicialmente acordado. No suposto de edificacións iniciadas, a concesión da prórroga estará condicionada a que a edificación sexa rematada exteriormente.
- Durante a execución da obra adoptaranse todas as medidas de seguridade e saúde laboral establecidas na normativa vixente, tanto respecto á edificación como á vía pública.
- Os escombros e provisións de materiais non poderán amorearse na vía pública.
- Dará cumprimento ao artigo 4.c do Real Decreto 105/2008, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, referente ás obrigas do produtor de residuos de construción e demolición: dispoñer da documentación que acredite que os residuos de construción e demolición realmente producidos nas súas obras foron xestionados, no seu caso, na obra ou entregados a unha instalación de valorización ou de eliminación para o seu tratamento por xestor de residuos autorizado.
- Unha vez rematadas as obras deberá presentar a correspondente comunicación previa de primeira utilización (artigo 146.1. f) e g) da Lei 2/2016, do solo de Galicia); obtida a cal presentará comunicación previa para o inicio da actividade e apertura do establecemento, segundo o artigo 364.2 do Regulamento da Lei do solo de Galicia.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO), provisional: 3.289,88 euros.
- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 940,27 euros.

Total: 4.230,15 euros.

b) Deuse conta dunha instancia presentada por Brais Martínez Francisco, que di actuar en representación de SDWEB – SOLUCIÓNS DIXITAIS, S.L., solicitando licenza para a rehabilitación dunha edificación para a creación de vivendas turísticas (uso hoteleiro categoría 3º) en Bastavaliños nº 3 - Bastavales, segundo Proxecto básico e de execución de rehabilitación para creación de apartamentos turísticos (uso hoteleiro) modificado, asinado polo arquitecto Ángel Sánchez González, visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia con data 11.03.2024 (expt. 2303182).

A parcela onde se van executar as obras (referencia catastral 7518122NH2471N0001XS) emprázase sobre un ámbito de solo clasificado como solo de núcleo rural para as áreas consolidadas pola edificación, séndolle de aplicación a ordenanza nº 8 do PXOM (NRL-1), na aldea de Bastavaliños, incluída no catálogo do PXOM coa clave identificación (XBE-1).

A Xunta de Goberno Local, á vista da autorización da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural de data 30/05/2024 (expediente 3051/23), dos informes de Turismo de Galicia (expte. RITGA-E-2023-013261) e dos informes favorables emitidos pola arquitecta municipal e polo asesor xurídico urbanístico do Concello, por unanimidade, acorda:

1º) Conceder a licenza solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

- A obra axustarase estritamente ao Proxecto básico e de execución de rehabilitación para creación de apartamentos turísticos (uso hoteleiro) modificado, asinado polo arquitecto Ángel Sánchez González, visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia con data 11.03.2024 (expt. 2303182).

- Como garantía da urbanización do espazo de cesión ao Concello dos terreos destinados a viais fora das aliñacións establecidas no planeamento (23,60 m2), que implica a pavimentación do espazo de cesión en todo o fronte da parcela (formigón coloreado en 1,80 metros de ancho), a execución das conexións de abastecemento e saneamento, a recollida de pluviais con tubo de sección 40 cm. e a canalización do alumeado público, deberán aportar aos efectos aval por un importe de 900,00 €, que os interesados deberán presentar no Concello con carácter previo á expedición da licenza urbanística.

- Nas obras que se executasen sen licenza ou con inobservancia das súas condicións serán sancionadas por infracción urbanística as persoas físicas ou xurídicas responsables delas en calidade de promotor das obras, propietarios dos terreos ou empresario das obras, e os técnicos redactores do proxecto e directores das obras.

- Se o director da obra deixa de actuar nela debe poñelo en coñecemento do Concello no prazo de 3 días, mediante oficio debidamente visado polo colexio oficial. Os propietarios están obrigados a nomear seguidamente un novo facultativo, comunicándoo por escrito ao Concello mediante a oportuna folla de encargo, tamén visada. De non cumprirse este trámite, a alcaldía ordenará a inmediata suspensión das obras.

- Será requisito indispensable dispor a pé de obra de copia autorizada da licenza municipal e a colocación dun cartel indicador no que se faga constar o nome e os apelidos das persoas técnicas e directoras e do contratista, ordenanza que se aplica, usos aos que se vai destinar a construción, a data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, número de plantas autorizadas e o número de expediente.

- Os prazos de iniciación, interrupción máxima e finalización das obras, de acordo co establecido no artigo 145 da Lei 2/2016, do solo de Galicia: seis meses para iniciar, seis meses de interrupción e tres anos para rematar a obra, contados os de inicio e remate desde o día seguinte ao da notificación aos interesados do outorgamento da licenza.

- Durante a execución da obra adoptaranse todas as medidas de seguridade e saúde laboral establecidas na normativa vixente, tanto respecto á edificación como á vía pública.

- Os escombros e provisións de materiais non poderán amorearse na vía pública.

- Dará cumprimento ao artigo 4.c do Real Decreto 105/2008, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, referente ás obrigas do produtor de residuos de construción e demolición: dispoñer da documentación que acredite que os residuos de construción e demolición realmente producidos nas súas obras foron xestionados, no seu caso, na obra ou entregados a unha instalación de valorización ou de eliminación para o seu tratamento por xestor de residuos autorizado.

- Unha vez rematadas as obras deberá presentar a correspondente comunicación previa de primeira utilización (artigo 146.1. f) e g) da Lei 2/2016, do solo de Galicia); obtida a cal presentará comunicación previa para o inicio da actividade e apertura do establecemento, segundo o artigo 364.2 do Regulamento da Lei do solo de Galicia.

.- Deberá cumprir as condicións impostas na autorización da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural, de data 30.05.2024 (expediente 3051/23):

a) Que se manteña a altura do cumio, disposición e pendentes dos faldrons da cuberta do alpendre.

b) En aplicación do artigo 43 da Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia, tras finalizar a intervención, no prazo máximo de seis meses, achegarase a este servizo de patrimonio cultural, unha memoria final que inclúa reportaxe fotográfica a cor comparativa do estado inicial e final.

Asemade, acórdase tamén por unanimidade, consonte co informe da arquitecta municipal, a aceptación da cesión efectuada de: 23,60 m². destinados a viais fora das aliñacións establecidas no planeamento, previstos no artigo 24.2) da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, que se formulou en documento administrativo con data 26 de xuño de 2024.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO), provisional: 7.141,38 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 440,31 euros.

Total: 7.581,69 euros.

c) Deuse conta dunha instancia presentada por Elena Ampudia Aixendri, que di actuar en representación de MARÍA TERESA GÓMEZ NIETO, solicitando licenza para a construción dunha vivenda unifamiliar e edificación auxiliar na Rúa Cancelos 16B – Os Ánxeles, segundo o Proxecto de execución asinado pola arquitecta Elena Ampudia Aixendri, visado con data 13.06.2024 (expte. 2305345).

As parcelas onde se van executar as obras (referencia catastral 7047416NH2474N0000IH e 7047417NH2474N0000JH) emprázase sobre un ámbito de solo clasificado como solo urbano, séndolle de aplicación a ordenanza nº 2 do PXOM (UC-2), dentro da zona de policía do rego do Pego.

A Xunta de Goberno Local, á vista da autorización de Augas de Galicia de data 01.04.2024, (expte. DH.W15.98098) e dos informes favorables emitidos pola arquitecta municipal e polo asesor xurídico urbanístico do Concello, por unanimidade, acorda:

1º) Conceder a licenza solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

-. A obra axustarase estritamente ao Proxecto de execución asinado pola arquitecta Elena Ampudia Aixendri, visado en data 13.06.2024 (expte. 2305345)

-. Como garantía da urbanización necesaria para que os terreos alcancen, se non a tivesen, a condición de solar, que implica a pavimentación da beirarrúa no fronte da parcela, a execución das conexións de abastecemento e saneamento, a recollida de pluviais con tubo de sección 40 cm. e a canalización do alumeado público, deberán aportar aos efectos aval por un importe de 900,00 €, que os interesados deberán presentar no Concello con carácter previo á expedición da licenza urbanística.

-. Nas obras que se executasen sen licenza ou con inobservancia das súas condicións serán sancionadas por infracción urbanística as persoas físicas ou xurídicas responsables delas en calidade de promotor das obras, propietarios dos terreos ou empresario das obras, e os técnicos redactores do proxecto e directores das obras.

-. Se o director da obra deixa de actuar nela debe poñelo en coñecemento do Concello no prazo de 3 días, mediante oficio debidamente visado polo colexio oficial. Os propietarios están obrigados a nomear seguidamente un novo facultativo, comunicándoo por escrito ao Concello

mediante a oportuna folia de encargo, tamén visada. De non cumprirse este trámite, a alcaldía ordenará a inmediata suspensión das obras.

- Será requisito indispensable dispor a pé de obra de copia autorizada da licenza municipal e a colocación dun cartel indicador no que se faga constar o nome e os apelidos das persoas técnicas e directoras e do contratista, ordenanza que se aplica, usos aos que se vai destinar a construción, a data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, número de plantas autorizadas e o número de expediente.

- Os prazos de iniciación, interrupción máxima e finalización das obras, de acordo co establecido no artigo 145 da Lei 2/2016, do solo de Galicia: seis meses para iniciar, seis meses de interrupción e tres anos para rematar a obra, contados os de inicio e remate desde o día seguinte ao da notificación aos interesados do outorgamento da licenza.

- Durante a execución da obra adoptaranse todas as medidas de seguridade e saúde laboral establecidas na normativa vixente, tanto respecto á edificación como á vía pública.

- Os escombros e provisións de materiais non poderán amorearse na vía pública.

- Dará cumprimento ao artigo 4.c do Real Decreto 105/2008, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, referente ás obrigas do produtor de residuos de construción e demolición: dispoñer da documentación que acredite que os residuos de construción e demolición realmente producidos nas súas obras foron xestionados, no seu caso, na obra ou entregados a unha instalación de valorización ou de eliminación para o seu tratamento por xestor de residuos autorizado.

- Unha vez rematadas as obras deberá presentar a correspondente comunicación previa de primeira ocupación da totalidade do edificado (artigo 146.1. f) e g) da Lei 2/2016, do solo de Galicia).

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO), provisional: 3.296,00 euros.

- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 196,48 euros.

Total: 3.492,48 euros.

SEXTO.- DECLARACIÓN DE INEFICACIA COMUNICACIÓN PREVIA OBRA MENOR.

a) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por VICENTE CASAL ROMERO, na que comunica que vai executar un peche na fronte da vivenda sita en Soutullos nº 7, Bastavales, en contacto coa estrada de titularidade autonómica AC-300.

A fronte da parcela (referencia catastral 7525402NH2472N0001BY) na que se pretenden executar as obras atópase dentro dun ámbito de solo clasificado polo PXOM como solo urbano consolidado, séndolle de aplicación a ordenanza UC-1.

A Xunta de Goberno Local, á vista dos informes do arquitecto municipal do 14.06.2024 e do asesor xurídico urbanístico do Concello, de data 02.07.2024, que transcrito di:

Informe xurídico.

Obxecto: Declaración de ineficacia dunha comunicación previa.

Interesado: Vicente Casal Romero.

Expediente: 2024/U026/000105.

ANTECEDENTES DE FEITO:

1.- En data 6 de xuño de 2024, don Vicente Casal Romero presenta comunicación previa de obras para a execución dun peche na fronte da vivenda sita no núm. 7 no lugar de Soutullos, en Bastavales, Brión.

2.- Consta no expediente un informe emitido polo técnico municipal no que pon de manifesto a actuación que se pretende levar a cabo e no que termina por solicitar a emisión dun informe xurídico, xa que as obras que se pretenden executar sitúanse sobre parte da estrada autonómica AC-300.

NORMATIVA APLICABLE:

- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.
- Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.
- Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.
- Lei 33/2003, de 3 de novembro, do Patrimonio das Administracións públicas.
- RD 1372/1986, de 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locais.

INFORME:

1.- Tal e como se desprende da comunicación previa presentada por don Vicente Casal Romero e do informe emitido polo técnico municipal, preténdese a execución dun peche no fronte da parcela urbana na que se atopa a vivenda sita no núm. 7 no lugar de Soutullos, Bastavales, no Concello de Brión.

Dita parcela da fronte á estrada autonómica AC-300, e atópase clasificada segundo o PXOM de Brión como solo urbano (UC-1), estando esta perfectamente urbanizada, circunstancia que se pode apreciar sen ningún xénero de dúbidas nas fotografías que acompañan ao informe técnico, xa que na zona na que se pretende executar o muro de peche existen unhas beirarrúas e unha zona de aparcamento da estrada – delimitadas con bandas de aparcamento –, que continúa cara unha zona habilitada para a parada de bus.

2.- Por outra banda, enténdese que o interesado pretende xustificar a súa actuación amparándose en que o peche se situará na aliñación marcada polo Planeamento Municipal (circunstancia que grafía sobre unha fotografía) de tal xeito que, efectivamente, se pode apreciar que o peche pretendido se situaría sobre as beirarrúas e ocupando o que é un espazo destinado a aparcamento da estrada autonómica AC-300.

3.- Tratándose dunha actuación que atinxe á AC-300, é dicir, unha estrada autonómica interurbana, e dado que coa intervención comunicada se pretende invadir parte dunha zona reservada a aparcadoiro da estrada e pechar o paso por unha beirarrúa, sen prexuízo da consideración que deste espazo poida ter o órgano sectorial e da compatibilidade da actuación pretendida con este, enténdese que, de acordo co disposto nos art. 47 e ss. da Lei 8/2013 de estradas de Galicia, en todo caso, a actuación precisaría de autorización previa do órgano sectorial competente.

Nos art. 47 e ss. de dita Lei, sinalase que calquera uso ou instalación que se pretenda na zona de dominio público da estrada ou nas súas zonas de protección está suxeita ao deber de obter a correspondente autorización previa, salvo que se trate dunha actuación suxeita a declaración responsable ou sexa expresamente permitida, sendo a administración titular da estrada a competente para autorizar as obras pretendidas (cfr. art. 47.2 Lei 8/2013), e iso sen prexuízo, claro está, de outras licenzas ou autorizacións que sexan precisas para a execución das obras.

No caso que nos ocupa parece evidente que a actuación ocupará a beirarrúa e parte do espazo da estrada AC-300 destinado a aparcadoiro, polo que, en principio, e sen prexuízo do que se sinala por parte do órgano sectorial competente, a actuación – de ser permitida – precisaría de autorización previa do órgano sectorial, polo que compre remitir a solicitude xunto coa documentación que a acompaña ao órgano sectorial competente para que emitan informe sobre a compatibilidade da actuación coas posibles afeccións ou limitacións que poidan existir nesta zona interurbana da AC-300.

4.- Con independencia do que poida sinalar o órgano sectorial ao respecto da natureza do terreo que se pretende ocupar e a compatibilidade da actuación con este, o certo é que tratándose dunha parcela urbana consolidada, os terreos que se pretenden ocupar por parte do

interesado, delimitándoos co peche particular, deben entenderse como parte do dominio público consecuencia da cesión e posterior urbanización deste espazo coa que a parcela acadou a condición de solar (cfr. art. 20.a) e b) da Lei 2/2016 do Solo de Galicia).

A maior abastanza, de acordo coas definicións que se establecen na Lei de Estradas de Galicia sobre o que se considera dominio público (cfr. art. 2, 6 e 37 da Lei 8/2013) e as actuacións compatibles no mesmo (cfr. art. 43 de dita Lei), enténdese que a intervención pretendida non pode ser autorizable xa que, entre outras cousas, prexudicaría a integridade da estrada por tratarse de terreos que formarían parte do dominio público da estrada, circunstancia que prohibe expresamente o apartado 3 do art. 43, cando sinala que que “en ningún caso se autorizarán obras, instalacións ou calquera outras actividades na zona de dominio público que prexudiquen a integridade da estrada, a seguridade vial ou a súa adecuada explotación”.

Non resulta controvertido que a actuación pretendida impediría o uso dunha zona, que se entende que é funcional da estrada como é a zona reservada ao aparcamento e á beirarrúa, polo que, aínda que a aliñación fixada polo Planeamento Municipal se atope (segundo semella) á altura na que se pretende executar o peche, o certo é que a zona da estrada se estende ata a liña da edificación, que é precisamente o límite da estrada e, polo tanto, do dominio público daquela que, tal e como advirte o técnico municipal no seu informe, “non se pode asentar unha edificación fora dos límites da propia parcela, invadindo o espazo público (viario neste caso)”, máxime, cando a execución da beirarrúa é anterior á aprobación do vixente PXOM no que se fixa a aliñación á que se pretende ancorar o interesado.

Enténdese que se o interesado tivera algunha dúbida sobre a titularidade do terreo que se ocupou por parte de Administración Autonómica, debera telo discutido no seu momento e fronte á Administración competente, máxime se, como se dixo, a execución da estrada tal e como se atopa actualmente, foi anterior á aprobación do vixente PXOM (26.06.2003) sen que neste intre se poda entender que se ignore o feito de que a delimitación da parcela non entraría nun claro conflito co que a todas luces é dominio público.

5.- No que atinxe á eficacia da comunicación presentada e coa que se pretende amparar a actuación, compre ter en conta que o art. 362 do Decreto 143, establece que *“La inexactitud, falsedad u omisión, de carácter esencial, en cualquier dato, manifestación o documento que se acompaña o incorpora a la comunicación previa conlleva, previa audiencia de la persona interesada, la declaración de ineficacia de la comunicación efectuada e impide el ejercicio del derecho o de la actividad afectada desde la notificación de la resolución por la que se declare la ineficacia de la comunicación efectuada, sin perjuicio de las sanciones que proceda imponer por tales hechos”*.

En relación coa declaración de ineficacia dunha comunicación previa, a Sentenza 7472022 do 15 de febreiro ditada pola Sala do contencioso-administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, sinala:

“En el presente caso, limitado el objeto del recurso a resolver la eficacia o no de la comunicación previa, resulta evidente que la comunicación previa exige el perfecto acomodo de lo que se pretende realizar -porque en principio ha de presentarse con carácter previo al inicio de las obras y/o el ejercicio de la actividad- a lo declarado por el interesado. Así resulta de lo que con carácter general establece el Art. 69.4 de la Ley 39/2015 de procedimiento administrativo y de lo que dispone el Art. 26 de la Ley 9/2013 del emprendimiento y competitividad de Galicia que sanciona con la ineficacia los casos en los que los interesados incurran en inexactitud, falsedad u omisiones en la comunicación previa, al disponer:

ARTÍCULO 26.INEXACTITUD, FALSEDAD U OMISIÓN EN LOS DATOS APORTADOS EN LA COMUNICACIÓN PREVIA.

1. La inexactitud, falsedad u omisión, de carácter esencial, en cualquier dato, manifestación o documento que se aporta o incorpora a la comunicación previa conlleva, previa audiencia de la persona interesada, la declaración de ineficacia de la comunicación efectuada e impide el ejercicio del derecho o de la actividad afectada desde el momento en que se conoce, sin perjuicio de las sanciones que procediera imponer por tales hechos.

2. La resolución administrativa que constata las circunstancias a que se refiere el apartado 1 comportará el inicio de las correspondientes actuaciones y la exigencia de responsabilidades, y podrá determinar la obligación del interesado de restituir la situación jurídica al momento previo al reconocimiento o al ejercicio del derecho o al inicio de la actividad correspondiente, así como la imposibilidad de instar un nuevo procedimiento durante un periodo de tiempo determinado de entre tres meses a un año.

Más específicamente, por lo que se refiere al ámbito urbanístico, resulta que, por una parte, el Art. 142.3 de la Ley del Suelo de Galicia y el Art. 360 de su Reglamento delimita el ámbito en los que procede la comunicación previa de forma negativa, al disponer que procede en todos aquellos supuestos en los que no resulte exigible la presentación de un proyecto constructivo y solicitud de licencia”.

6.- En consecuencia, e sen prexuízo do que poida manifestar o órgano sectorial competente en relación coa autorización da actuación pretendida, a posible incompatibilidade de actuación coa natureza do terreo na que se pretende levar a cabo xunto coa ausencia da autorización autonómica que ampare a actuación, obriga a incoar expediente para a declaración de ineficacia da comunicación previa presentada polo interesado para a execución dun peche sobre a AC-300, polo que non se pode desprender efecto ningún da presentación da devandita comunicación en tanto en canto non se resolva o presente expediente.

7.- Débese advertir ao interesado de que no caso de que execute algunha obra relacionada coa devandita comunicación procederase á incoación do correspondente expediente de reposición da legalidade, e iso sen prexuízo das responsabilidades ás que tal actuación puidera dar lugar por tratarse dunha intervención nun ben de dominio público ou na súa zona de protección.

Por todo o anteriormente informado, propónse:

1.- INCOAR expediente de declaración de ineficacia da comunicación previa presentada por don Vicente Casal Romero, consistentes na construción dun peche no fronte da vivenda sita no núm. 7 no lugar de Soutullos, en Bastavales, Brión.

2.- CONCEDER ao interesado un prazo de audiencia de dez días hábiles a contaren dende o seguinte ó da recepción da notificación da correspondente Resolución, a fin de que poida presentar as alegacións, xustificacións e documentos que estime oportunos singularmente sobre a posible eficacia da comunicación previa.

3.- DAR TRASLADO da comunicación previa presentada polo interesado, xunto coa documentación que a acompaña ao órgano sectorial competente aos efectos oportunos, por tratarse dunha actuación que se pretende levar a cabo na estrada AC-300.

4.- NOTIFICAR a correspondente Resolución que acorde a incoación do expediente de declaración de ineficacia da comunicación previa ao interesado, con expresión dos recursos pertinentes, tendo en conta que contra a incoación dos expedientes, por ser un acto de trámite, non cabe en principio recurso ordinario ningún, sen prexuízo da posibilidade de interpor os recursos que estimen oportunos.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade, acorda:

1º) INCOAR expediente de declaración de ineficacia da comunicación previa presentada por don Vicente Casal Romero, consistente na construción dun peche no fronte da vivenda sita no núm. 7 no lugar de Soutullos, en Bastavales, Brión.

2º) CONCEDER ao interesado un prazo de audiencia de dez días hábiles a contar dende o seguinte ó da recepción da notificación deste acordo, a fin de que poida presentar as alegacións, xustificacións e documentos que estime oportunos singularmente sobre a posible eficacia da comunicación previa.

3º) DAR TRASLADO da comunicación previa presentada polo interesado, xunto coa documentación que a acompaña ao órgano sectorial competente aos efectos oportunos, por tratarse dunha actuación que se pretende levar a cabo na estrada AC-300.

4º) NOTIFICAR este acordo de incoación do expediente de declaración de ineficacia da comunicación previa ao interesado, con expresión dos recursos pertinentes, tendo en conta que contra a incoación dos expedientes, por ser un acto de trámite, non cabe en principio recurso ordinario ningún, sen prexuízo da posibilidade de interpor os recursos que estimen oportunos.

SÉTIMO.- ROGOS E PREGUNTAS.

Non se produciu ningunha.

O señor alcalde declara rematado o acto, e a sesión foi levantada sendo ás 14,25 horas, procedéndose a redactar a acta, de todo o cal eu, como secretario dou fe.

O alcalde
Vº e Prace

O secretario

Pablo Lago Sanmartín

Javier Nieves González